

CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DESTINADAS A FAMILIAS CON PROBLEMÁTICA SOCIOECONÓMICA PARA O CURSO 2022-2023

1.- OBXECTO DAS AXUDAS

Esta convocatoria pública ten por obxecto regula-las axudas económicas para a escolarización dirixidas a familias que se atopen en condicións económicas e sociais desfavorábeis, contribuíndo a sufragar os gastos de adquisición de material escolar e os gastos de comedor escolar para o curso 2022-2023. As bases reguladoras destas axudas foron aprobadas polo Pleno do Concello da Pobra do Caramiñal na sesión da data 25 de maio de 2017 e publicadas no BOP n.º 188, de 3 de outubro de 2017.

2.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarias destas axudas tódalas persoas empadroadas no concello da Pobra do Caramiñal que durante o curso 2022-2023 cursen estudos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria, nos centros sostidos con fondos públicos do termo municipal da Pobra do Caramiñal, que formen parte de unidades familiares que se atopen incluídas en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou que presenten unha grave situación de desvantaxe ou risco social e cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria.

3.- REQUISITOS

- Estar empadroados/as e ter residencia efectiva no concello da Pobra do Caramiñal
- Ser pais, nais ou titores/as legais de alumnos/as matriculados/as en calquera centro público de ensino, en idade escolar obrigatoria
- Presenta-la solicitude no prazo con toda a documentación correspondente
- Que a renda da unidade familiar no ano 2021 non exceda do límite de ingresos detallado a seguir para as ditas axudas:

N.º conviventes	Renda mensual	Renda per cápita	Renda anual 2021
2	694,82 €	347,41 €	8.337,84 €
3	826,83 €	275,61 €	9.921,96 €
4	975,65 €	243,91 €	11.707,80 €
5	1.141,51 €	228,30 €	13.698,12 €
6	1.324,15 €	220,69 €	15.889,80 €

7	1.522,77 €	217,53 €	18.273,24 €
8	1.735,95 €	216,99 €	20.831,40 €
9	1.961,62 €	217,95 €	23.539,44 €
10	2.197,01 €	219,70 €	26.364,12 €

O baremo adoptado comeza cuns ingresos iguais ou menores ó IPREM do ano 2022 (579,02 €) e vai aumentando un 20% para familias monoparentais. Por cada convivente máis, a porcentaxe vai baixando un punto, segundo aumenta o número de conviventes.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As solicitudes das subvencións subscribiranse polo pai, nai ou o/a representante legal do/da menor.

As solicitudes cubriranse no impreso oficial que se inclúe como anexo I a esta convocatoria e que se facilitará no Departamento dos Servizos Sociais do Concello. Tódalas solicitudes deberán achega-la seguinte documentación:

- A fotocopia do DNI /NIE do/a solicitante
- A fotocopia do libro de familia
- O certificado de convivencia do Concello
- O certificado de empadramento do Concello
- A xustificación de ingresos económicos da unidade familiar, segundo o caso: declaración da renda 2021, nóminas, certificacións de prestacións do Sepe (Servizo Público de Emprego), INSS, ISM, xustificante de pensión ou calquera outro documento que acredite ingresos na unidade familiar

Nos casos en que proceder, a declaración xurada de ingresos

- A fotocopia de recibos de alugamento ou pagamento da vivenda habitual
- O certificado do colexio, segundo o modelo do anexo II, no cal se xustifique o curso onde está matriculado/a o/a menor
- A certificación da conta bancaria
- Calquera outra documentación acreditativa de situacións declaradas polos/as solicitantes tales como discapacidade, separación ou divorcio etc.

2. O prazo para a presentación das solicitudes **comezará no día 4 de xullo e rematará no día 22 de xullo de 2022**, inclusive. As solicitudes deberán ser entregadas con

toda a documentación no rexistro do Concello.

3. A presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello da Pobra do Caramiñal para obter os datos necesarios, para determinar a renda para os efectos da valoración das axudas, das administracións tributarias e da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio da Facenda.

5.- CRITERIOS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

Os criterios que se utilizarán para a concesión das axudas serán os seguintes:

a) Nivel de renda da unidade familiar. Para estes efectos, entenderase como “unidade familiar” o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio ca a persoa beneficiaria. Para o cómputo do nivel de renda terase en conta a totalidade dos ingresos dos membros da unidade familiar no ano natural anterior ó da publicación da convocatoria, ó cal se deducirán os gastos debidamente documentados de alugamento ou pagamento de hipoteca da vivenda da unidade familiar, dividido entre o número de membros dela. A renda per cápita así obtida non poderá superar o límite máximo fixado na convocatoria, para poder ser beneficiario/a das axudas.

b) Terase en conta a inclusión da unidade familiar en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou nos cales se acrediten situacións de grave desvantaxe ou risco social.

c) Teranse en conta todas aquelas circunstancias persoais, familiares e sociais que se xustifiquen debidamente. Así, computarase un membro máis por cada 5 puntos, tendo en conta a seguinte puntuación:

-Existencia de persoas na unidade familiar cunha discapacidade acreditada igual ou superior a 33%: 2 puntos

-Existencia de discapacidade cun grao igual ou superior a 65%: 5 puntos

-Existencia de persoas na unidade familiar beneficiarias de prestacións por orfandade absoluta: 3 puntos

-Situación legal de desemprego ou pensionista por xubilación, incapacidade permanente ou asimilábeis: 2 puntos

-Situación de viuvez, separación ou divorcio dos pais e nais ou titores/as: 2 puntos

6.- CONTÍA DAS AXUDAS

1. As axudas que se concedan terán os seguintes importes:

- Material escolar: 55 €

- Comedor escolar: os gastos de comedor serán sufragados ata o custo total nos casos de familias que formen parte dalgún programa de Servizos Sociais.

Noutros casos, subvencionarase o custo ata un 50% do gasto.

2. O orzamento dedicado nesta convocatoria para estas axudas é de 11.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48200.

7.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

1.- A instrución do procedemento corresponderalle á educadora familiar, quen realizará a avaliación das solicitudes presentadas e, de se-lo caso, requirirá as emendas que procedan para que aquelas cumpran os requisitos exixidos nestas bases. O prazo de emenda será de dez días hábiles improrrogábeis; no suposto de que os defectos non sexan emendados, o órgano instrutor proporá o rexeitamento das ditas solicitudes.

2.- O procedemento de concesión será o procedemento abreviado a que se refire o artigo 22 da Lei galega 9/2007, de subvencións. Así, a proposta de concesión formularase polo órgano instrutor, que deberá indica-lo seguinte:

- Facer constar expresamente que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias propostas cumpren tódolos requisitos necesarios para accederen á axuda.

- Ser motivada, debendo indica-los criterios de concesión empregados e, de se-lo caso, a puntuación ou valoración obtida en cada un deles para cada solicitude, así como o importe da axuda que lle corresponda.

- Indica-las solicitudes para as cales se propón a denegación, así como a súa causa.

3.- A resolución do procedemento de concesión destas axudas corresponderá ó alcalde ou, de se-lo caso, ó órgano que teña delegada a competencia no momento da concesión, despois da fiscalización pola Intervención municipal.

8.- CONTIDO E PRAZO DE RESOLUCIÓN

1. O prazo máximo para a notificación da resolución de concesión das axudas será o 8 de setembro do ano natural no cal se publica a convocatoria.

2. A resolución de concesión deberá expresa-lo seguinte:

- a) A persoa ou relación de persoas beneficiarias a quen se outorga a subvención coas contías individualizadas, especificando os criterios de valoración seguidos, así como a denegación e a non concesión, por desistencia, renuncia ó dereito ou imposibilidade material sobrevida das solicitudes non atendidas.

- b) Unha relación por orde decrecente da puntuación obtida daqueles/as solicitantes a quen, aínda reunindo as condicións administrativas e técnicas para adquiri-la condición de beneficiario/a, non se lles concede a subvención por ser inferior a súa puntuación á das persoas seleccionadas e non ter cabida na contía máxima convocada. Estes/as solicitantes quedarán na lista de espera no caso de que algunhas das subvencións

concedidas quedasen sen efecto por renuncia, en cuxo caso poderá outorgarse a subvención solicitada sempre e cando se liberase crédito suficiente para atender ó menos unha das solicitudes denegadas.

3. A notificación da resolución de concesión realizarase mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://apobra.sedelectronica.es>). Non obstante, as persoas beneficiarias poderán facer consta-lo seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a súa publicación poida ser contraria ó respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

4. A resolución de concesión porá fin á vía administrativa, de maneira que o interesado/a poderá interpor contra a dita resolución, potestativamente e segundo a súa elección, un recurso de reposición ante o mesmo órgano administrativo que ditou a resolución no prazo máximo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados ou tribunais do Contencioso-Administrativo; neste caso, no prazo máximo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ó da súa notificación. Todo iso, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e os artigos 10, 14, 25 e 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento das axudas de material escolar farase ó/a beneficiario/a, unha vez entregada a factura orixinal do gasto realizado, que se deberá presentar antes do día 1 de novembro deste ano.

As axudas para comedor escolar realizaranse mediante o pagamento directo ó/a provedor/provedora do servizo. Nos casos da axuda de comedor concedida ata o 50% do gasto, o outro 50% correrá a cargo do/a solicitante, que llo aboará ó/a mesmo/a provedor/provedora.

10.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As axudas reguladas nestas bases son compatíbeis con outras subvencións, axudas ó estudo ou bolsas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou entidades privadas.

11.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

Os/as beneficiarios/as das axudas que se regulan nestas bases quedan obrigados/as ó seguinte:

1.- Destina-la axuda á finalidade para a cal se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia ás aulas e presentación ós exames.

2.- Acreditar ante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións que

determinen a concesión das axudas.

3.- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na súa solicitude. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación entregada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación, revogación ou reintegro da axuda, sen prexuízo das restantes responsabilidades que puideren derivarse.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación que se realicen pola Intervención municipal, o Consello de Contas galego ou o Tribunal de Contas, presentando canta información lles sexa requirida no exercicio das citadas actuacións. En particular, cando no exercicio de actuacións de control e comprobación sexan requiridos/as para iso, deberán presenta-la acreditación documental que se lles exixa xustificativa de realizar ou estar realizando os estudos para os cales se concederon as axudas. A non presentación no prazo ou a presentación insuficiente da documentación requirida, ademais de dar lugar ás obrigacións de reintegro da subvención percibida que procedan, impedirá a obtención ou, de se-lo caso, o pagamento de posteriores axudas reguladas nestas bases.

5.- Devolve-lo importe da axuda ou a parte proporcional dela, cando non se realice a actividade para a cal foi outorgada ou non se xustifique no prazo e na forma, se for requirido/a para iso.

6.- Pór en coñecemento da entidade que concede a axuda a anulación da matrícula así como calquera outra alteración das condicións tidas en conta para a concesión.

Así mesmo, no cumprimento do previsto no artigo 14.1.ñ) da Lei galega 9/2007, de subvencións, infórmase de que as subvencións concedidas poderán ser incorporadas ó Rexistro Público de Subvencións galego.

12.- APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN DESTA CONVOCATORIA

No non previsto nesta convocatoria atenderase o disposto nas bases reguladoras aprobadas na sesión plenaria de 25 de maio de 2017 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 188, de 3 de outubro de 2017; na Lei 38/2003, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de desenvolvemento da Lei xeral de subvencións; era Lei galega 9/2007, de subvencións.



SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN CURSO 2022-2023

1. DATOS DOS/AS MENORES PARA OQUE SE SOLICITA A AXUDA

Nome e apelidos _____
Data de nacemento _____ colexio _____ curso _____

Nome e apelidos _____
Data de nacemento _____ colexio _____ curso _____

Nome e apelidos _____
Data de nacemento _____ colexio _____ curso _____

Nome e apelidos _____
Data de nacemento _____ colexio _____ curso _____

Enderezo _____ **Teléfono** _____

2. DATOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Nome e apelidos _____ Data de nacemento _____
Documento de identificación _____ Parentesco _____ Situación laboral _____

Nome e apelidos _____ Data de nacemento _____
Documento de identificación _____ Parentesco _____ Situación laboral _____

Nome e apelidos _____ Data de nacemento _____
Documento de identificación _____ Parentesco _____ Situación laboral _____

Nome e apelidos _____ Data de nacemento _____
Documento de identificación _____ Parentesco _____ Situación laboral _____

Nome e apelidos _____ Data de nacemento _____
Documento de identificación _____ Parentesco _____ Situación laboral _____

3. OBSERVACIÓNS

Outros ingresos da unidade de convivencia _____

Pagamento do alugamento: SI NON Cantidade: _____

Amortización vivenda habitual: SI NON Cantidade: _____

Existencia de discapacidade: SI NON Grao: _____

Orfandade absoluta: SI NON

Situación de desemprego: SI NON

Situación de pensionista: SI NON

Situación de acollemento do/a menor: SI NON

Situación de viuvez separación divorcio

A Pobra do Caramiñal, _____ de _____ de 2022

Asdo.:

Anexo II

Don/a _____,
secretario/a ou director/a do centro _____,
da Pobra do Caramiñal, A Coruña,

CERTIFICO: que o/a menor _____
está matriculado/a neste centro, no curso escolar 2022-2023, no seguinte nivel:

ETAPA	CICLO	NIVEL	ANOS	CURSO	
EDUCACIÓN INFANTIL	2.º	1.º	3-4	1.º	<input type="checkbox"/>
		2.º	4-5	2.º	<input type="checkbox"/>
		3.º	5-6	3.º	<input type="checkbox"/>
EDUCACIÓN PRIMARIA	1.º	1.º	6-7	1.º	<input type="checkbox"/>
		2.º	7-8	2.º	<input type="checkbox"/>
	2.º	1.º	8-9	3.º	<input type="checkbox"/>
		2.º	9-10	4.º	<input type="checkbox"/>
	3.º	1.º	10-11	5.º	<input type="checkbox"/>
		2.º	11-12	6.º	<input type="checkbox"/>
EDUCACIÓN SECUNDARIA	1.º	1.º	12-13	1.º	<input type="checkbox"/>
		2.º	13-14	2.º	<input type="checkbox"/>
	2.º	1.º	14-15	3.º	<input type="checkbox"/>
		2.º	15-16	4.º	<input type="checkbox"/>

Curso que fai pola primeira vez / repite (Sinálese cun X o que proceda.)

O cal fago constar para os efectos de que o/a menor solicite axudas para a escolarización no Concello da Pobra do Caramiñal.

A Pobra do Caramiñal, _____ de _____ de 2022



**A POBRA
DO CARAMIÑAL**
CONCELLO

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n o CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria relativa ó imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e ó cumprimento das súas obrigas tributarias. A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, valoración, seguimento e control da subvención ou axuda solicitada (cando a persoa que figura como solicitante poida resultar beneficiada) e en aplicación do artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permite, coa autorización previa do/a interesado/a, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

NON se concede a anterior autorización (Deberase presenta-la documentación e certificados correspondentes.)

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante un escrito dirixido ó Concello da Pobra do Caramiñal.

NOME E APELIDOS

NIF

SINATURA